

UGT-GALICIA REIVINDICA O INSUBSTITUÍBLE PAPEL DA LINGUA GALEGA COMO VEHÍCULO DE COMUNICACIÓN, PARTE DO PATRIMONIO E MEDIO BÁSICO DE EXPRESIÓN CULTURAL

17 DE MAIO, DÍA DAS LETRAS GALEGAS

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO, PROMOTOR DESTA CELEBRACIÓN HAI XA 60 ANOS, FOI O PROTAGONISTA NESTA EDICIÓN

Redacción.- Un ano máis, o 17 de Maio celebramos o Día das letras galegas, dedicado nesta edición a Francisco Fernández del Riego, (Vilanova de Lourenzá, 1913- Vigo, 2010), unha das grandes figuras da resistencia e da revitalización cultural do galeguismo despois da guerra civil. Foi editor, publicista, memorialista, ensaísta, tradutor, novelista, historiador, crítico literario, orador brillante e xornalista. Nesta data, pero todos os días do ano, dende UGT-Galicia reafirmámonos no insubstituíble papel da lingua galega para todos e todas, para a nosa sociedade, como vehículo de comunicación na súa acepción máis directa pero tamén como parte do noso patrimonio e medio básico de expresión cultural.

Así, UGT-Galicia reivindica neste 17 de Maio como propio o compromiso activo de persoas como Fernández del Riego co idioma galego porque é parte do patrimonio inmaterial do pobo galego e é o noso deber coidalo, difundilo, protexelo e mantelo como unha lingua viva en todos os ámbitos e actividades da sociedade.

Para iso, o Sindicato considera que hai que comezar o traballo dende os máis pequenos, no eido educativo, porque son eles a clave do futuro da lingua galega. Neste senso, insta á Xunta a que se implique na promoción do galego e que sexa esta unha prioridade a nivel de toda a sociedade pero, especialmente, no ámbito educativo, equiparando o galego coa outra lingua oficial de Galicia.

UGT rexeita o uso de calquera lingua como arma arroxadiza e de loitas de poder. As linguas de cada un dos territorios, como as súas culturas, son tesouros, patrimonio que temos entre todos e todas a obriga de coidar e manter vivas e dentro dun contexto de convivencia sa entre todas as expresións lingüísticas do país.



Por todo isto, UGT-Galicia insta a toda a cidadanía a exercer libremente os seus dereitos lingüísticos e a esixirlle ás administracións o cumprimento das obrigas que en materia lingüística consagran o Estatuto e a Constitución.

Nesta data, na que se trata de reivindicar a memoria, a cultura e a lingua do pobo, precisamente, lémbrese a figura do homenaxeado, marcada por unha vida dedicada enteiraamente ao seu país.

Dende 1997 ata 2001 presidiu a Real Academia Galega, institución na que ingresou no ano 1960. Durante o seu mandato, a RAG iniciou un importante proceso de modernización e posta ao día. Xunto con Ramón Piñeiro, fundou a revista Grial; cofundador da editorial Galaxia; animou ás emisións en galego da BBC de Londres entre 1947 e 1956; foi a ponte necesaria entre os máis vellos (Xeración Nós) e os máis novos; e foi tamén a ponte necesaria entre o exilio interior e

os exiliados de América, sobre todo.

Pero, entre as moitas iniciativas que marcaron a figura de Fernández del Riego, destaca a invención do Día das letras galegas. O 17 de maio de 1963, xunto a outros dous académicos, Fernández del Riego puxo enriba da mesa a idea de celebrar anualmente un día dedicado á nosa lingua e literatura. Daquela cumpríanse cen anos da primeira edición de "Cantares Gallegos", o primeiro libro en galego de Rosalía de Castro, o título por excelencia do Rexurdimento. A proposta foi adiante e xa van 60 anos. O que inicialmente era máis unha celebración académica, converteuse nun acontecemento social e cultural de primeira magnitude, nunha festa grande da nosa cultura.

Finalmente, nesta data, pero os 365 días do ano, UGT-Galicia insiste en destacar o valor da lingua galega e da cultura como elementos de cohesión social e de transmisión de valores democráticos.

PERMISOS RETRIBUÍDOS ELECCIÓNS MUNICIPAIS 28 DE MAIO DE 2023



NON TERÁN DEREITO A PERMISO RETRIBUIDO

As persoas traballadoras con horario de traballo que NON coincida co de apertura das mesas electorais, ou que o faga por un período inferior a dúas horas

PERMISO PARA ACUDIR A VOTAR

As persoas traballadoras que traballen ese domingo teñen dereito, como electores, a dispoñer ese día dun permiso retribuído para poder votar. A súa duración depende da maior ou menor coincidencia do seu horario de traballo co de apertura dos colexios electorais (que é de 9 da mañá a 8 da tarde):

Coincidencia do horario do traballador co do colexio electoral	Duración do Permiso
Non coincide (ou menos de dúas horas)	Sen permiso
Entre 2 e 4 horas	2 horas
Entre 4 e 6 horas	3 horas
Máis de 6 horas	4 horas

A empresa pode solicitar aos seus traballadores que xustifiquen que empregaron ese tempo para ir votar. Para iso, o traballador ou traballadora deberá achegar o xustificante correspondente (modelo oficial asinado polo presidente da mesa).

* Cando por tratarse de persoas traballadoras contratadas a tempo parcial realizasen unha xornada inferior á habitual na actividade, a duración do permiso antes sinalado reducirase en proporción á relación entre a xornada de traballo que desenvolven e a xornada habitual das persoas traballadoras contratadas a tempo completo na mesma empresa.

Permiso para votar por correo. No suposto de persoas traballadoras por conta allea que teñan previsto que na data da votación non se atopen na localidade onde lles corresponde exercer o seu dereito ao voto, ou que non poidan exercer o dereito de sufraxio o día das eleccións, disporán, no seu horario laboral, de ata catro horas libres de igual maneira que o establecido no artigo anterior, para que poidan formular persoalmente a solicitude do certificado de inscrición no censo, así como para efectuar a remisión do voto por correo.

Permiso por ser designado presidente ou vogal dunha mesa electoral. Se para o traballador a xornada de votación é laborable, a empresa ten que concederlle un permiso retribuído, previo aviso e xustificación. Traballen ou non o domingo, os traballadores que sexan presidentes ou vogais teñen dereito a unha redución de cinco horas na xornada do luns 29 de maio.

Se o traballador elixido vogal ou presidente traballa a noite anterior á da xornada electoral e solicita cambio de quenda, é obrigatorio concederllo. Ademais, se o empregado ten que traballar na quenda de noite inmediatamente posterior á xornada electoral, ten dereito a que se lle reduza esta cinco horas.

Permiso por ser designado interventor ou apoderado. O traballador que fose designado interventor ten os mesmos permisos que o presidente e os vogais. En canto ao apoderado, só ten dereito ao permiso retribuído correspondente ao día das eleccións. Nin o interventor nin o apoderado teñen dereito a percibir dietas, a diferenza do que sucede cos membros das mesas electorais.

Permiso por ser designado suplente. O traballador designado suplente ten obrigación de presentarse no colexio electoral ás 8 da mañá, para o que a súa empresa deberá darlle o correspondente permiso retribuído se ese domingo traballa. Se fallase algún titular e debe substituírle, o traballador terá entón dereito aos permisos correspondentes. Se, pola contra, non é necesaria a súa presenza, poderá acudir ao traballo con normalidade a partir dese momento. Como orientación, hai que ter en conta que a mesa debe estar formada ás 8.30 horas da mañá, polo que o traballador, a esa hora, xa coñecerá se debe substituír á persoa ausente ou pode acudir ao seu traballo.

UGT RECLAMA LOITAR DESDE A NEGOCIACIÓN COLECTIVA CONTRA A DISCRIMINACIÓN CARA AS PERSOAS LGTBI

Redacción.- Con motivo do Día Internacional contra a LGTBIfobia, que se celebrou o pasado 17, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores reclama garantir nos convenios colectivos os dereitos das persoas LGTBI e prever, perseguir e sancionar os comportamentos discriminatorios que se produzan.

Segundo a enquisa: "Cara a centros de traballo inclusivos" elaborada por UGT, os actos discriminatorios contra as persoas LGTBI están moi presentes nos centros de traballo, unha situación que se agrava se es muller ou unha persoa trans con violencia especificamente sexual.

Desde o acceso ao emprego: o 44% das persoas LGTBI ocultan a súa orientación sexual ou identidade de xénero para atopar traballo, e o 40% das persoas trans aseguran ser rexeitadas en entrevistas por prexuízos cara á súa identidade de xénero.

Case o 70% das persoas heterosexuais enquisadas pensa que as persoas LGTBI non teñen as mesmas oportunidades que as heterosexuais, o 90% das persoas LGTBI consideran un inconveniente selo á hora de atopar emprego e catro de cada dez traballadores LGTBI aseguran vivir algunha agresión cara a si ou cara a outras persoas LGTBI no posto de traballo, por motivo de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.

Loitar desde a negociación colectiva ante esta realidade

UGT considera que o obxectivo de igualdade de trato e oportunidades é esencial. Así mesmo, para UGT é fundamental o impulso dun Plan contra os Delitos de Odio, para erradicar toda forma de odio e violencia contra as persoas LGTBI en todos os contextos; garantir a formación e sensibilización do persoal das administracións públicas, educativas, sanitarias e sociais, así como dos corpos e forzas de seguridade do Estado sobre a realidade e necesidades das persoas LGTBI e a creación de programas de formación e información dirixidos aos centros educativos para incorporar a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar de maneira transversal nos seus currículos formativos.

Queremos implantar medidas dirixidas a erradicar a discriminación LGTBIfóbica dentro do ámbito laboral, ademais de implementar medidas e incentivos para organismos públicos e empresas privadas que favorezan a integración e inserción laboral das persoas trans, por estar en situación de especial vulnerabilidade.

A lei establece a obrigatoriedade de negociar medidas planificadas nas empresas de máis de 50 persoas traballadoras, incluíndo un protocolo para a prevención da discriminación por motivo de orientación sexual e identidade ou expresión de xénero nos centros de traballo. É unha oportunidade e tamén é un reto. Temos a obriga de garantir a necesaria formación dos delegados e delegadas sindicais, para que sexan capaces a través da



negociación colectiva de xerar ferramentas para o respecto á diversidade nos centros de traballo e que contemplan as identidades trans e a diversidade de identidades de xénero; desenvolver campañas de sensibilización para defender a dignidade das persoas traballadoras LGTBI, ou o establecemento de medidas sancionadoras en caso de condutas lesivas que vulnere a dignidade e os dereitos dos traballadores LGTBI, entre outras medidas.

É fundamental informar e formar a todas as persoas traballadoras para que se poidan erradicar este tipo de actuacións discriminatorias nas empresas. A lei supón unha protección para as persoas LGTBI fronte á discriminación nas empresas, pero hai que traballar desde a acción sindical e a negociación colectiva, convertendo o obxectivo de igualdade e non discriminación nun obxectivo primordial das relacións nas empresas, garantindo os dereitos das persoas e perseguindo e sancionando os comportamentos discriminatorios que se produzan.

UGT CELEBRA QUE O PARLAMENTO EUROPEO TEÑA DADO LUZ VERDE AO CONVENIO DE ISTAMBUL

Redacción.- Seis anos despois de que a UE asinase o Convenio -o primeiro instrumento internacional legalmente vinculante para prever e combater a violencia contra mulleres e nenas- e a pesar dos múltiples chamamentos do Parlamento, aínda non foi ratificado pola negativa dalgúns Estados membros. Con todo, o dictame do Tribunal de Xustiza da UE do 6 de outubro de 2021 confirmou que a Unión Europea pode ratificar o Convenio de Istambul sen contar co acordo de todos os Estados membros.

A adhesión da UE ao Convenio de Istambul non exime aos Estados membros de ratificalo eles mesmos, por tanto, hai que instar aos seis países que aínda non o fixeron -Bulgaria, Chequia, Hungría, Letonia, Lituania e Eslovaquia- a ratificar o Con-

venio sen demora, para poder protexer ás mulleres en todo o ámbito de aplicación previsto polo Convenio.

UGT solicitou, en reiteradas ocasións, a adhesión da Unión Europea ao Convenio de Istambul, así como a ratificación por parte de todos os Estados Membros. Por iso, celebra a luz verde á adhesión, como sinal inequívoco a todos os Estados Membros de que os dereitos da muller son dereitos humanos.

Ademais, considera que é o momento de adquirir o compromiso, a nivel europeo, de seguir avanzando cara a



unha maior protección e consolidación dos dereitos das mulleres a través dunha Directiva sobre a loita contra a violencia contra as mulleres.

Agora, unha vez recibido o visto e prace do Parlamento, o Consello pode concluir a adhesión da UE ao Convenio.

É IMPRESCINDIBLE IMPULSAR UNHA LEI DE MOBILIDADE SOSTIBLE EFICAZ PARA REDUCIR EMISIÓN

Redacción.- UGT, xunto a outras 13 organizacións sociais e partidos políticos, reclaman no Congreso dos Deputados unha Lei eficaz para a descarbonización do sector do transporte e para a transformación da mobilidade

Un acto no que interveu o técnico do Departamento de Medio Ambiente de UGT, Manuel Riera, que mostrou a súa “decepción” ao proxecto desta lei presentado polo Goberno e demandou “a mellora do texto para que, mediante o trámite parlamentario, esta lei transfórmese nunha ferramenta eficaz que logre a descarbonización do transporte e instaure un sistema multimodal de transporte eficiente, sostible, xusto e inclusivo” no noso país.

Neste sentido, as organizacións convocantes consideran que a proposta do PSOE abandona “cuestións cruce como a vertebración territorial e a cohesión social, garantías do novo paradigma de mobilidade cara ao que debemos avanzar”, o que levou a recibir “o extraordinario número de 975 emendas para a súa modificación”.

Por iso, reclamaron ao PSOE que traballe a Lei de Mobilidade Sostible cos partidos que están a favor de avanzar na descarbonización do transporte e recolleron a inmensa maioría das propostas e mellore o proxecto de Lei de Mobilidade Sostible con medidas como:

- Incluir no seu articulado a obriga de conseguir a neutralidade climática do sector transporte-mobilidade canto antes e, sempre, antes do 2050 e establecer obxectivos intermedios de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro para o 2030 e 2040 en relación aos niveis existentes en 1990. Articulando unha vinculación legislativa entre proxecto de Lei de Mobilidade Sostible co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima PNIEC.

- Concretar os mecanismos de financiamento do transporte público que motivaron o compromiso de elaborar unha nova lei, necesarios máis que nunca nun momento de crise económica que xustificou reducións de tarifas para os usuarios pero que exige garantir a calidade e sostemento do sistema, a longo prazo e de



forma estable.

- Introducir elementos normativos para poñer en marcha unha fiscalidade xusta do transporte.

- Recoller medidas específicas para garantir que a mobilidade sostible chegue (e sexa unha opción elixible) ao medio rural, debidamente adaptadas á propia idiosincrasia destes territorios.

- Integrar a eficiencia enerxética: optando por un sistema multimodal de transporte adecuado en termos de eficiencia que teña como columna vertebral o transporte público e os tres modos máis sostibles: o peonil, o ciclista e o ferroviario; expondo a necesidade de poñer a España ao nivel da UE na porcentaxe de mercadorías transportadas por ferrocarril; outorgando a debida prioridade á electromobilidade no transporte de pasaxeiros e mercadorías por estrada.

- Incluir medidas de redución dos graves impactos sociais, ambientais e climáticos do transporte aéreo, como poden ser a eliminación dos voos domésticos para os que exista unha alternativa ferroviaria existente e adecuada en termos de tempo de viaxe, conectividade e se-

guridade.

- Establecemento dunha folla de roteiro con obxectivos concretos para o despregamento de combustibles renovables de cero emisións derivados do hidróxeno verde para a aviación e o transporte marítimo, e a eliminar a referencia explícita ao uso dun combustible fósil como o gas natural licuado neste último.

- Firme defensa e fomento do ferrocarril, e eliminar o mecanismo que inclúe o peche de liñas de tren supostamente “ineficientes”.

- Mellorar a formulación dos plans de mobilidade sostible ao traballo, para que reflectan a realidade do tecido empresarial de España.

- Dar prioridade á mobilidade activa fronte á motorizada, especialmente na planificación do espazo urbano, e volver incluír os conceptos de “cero emisións”.

- Introducir medidas concretas que garantan unha transición xusta e incorporar o concepto de “pobreza no transporte” e o emprazamento ao Goberno para a elaboración dunha Estratexia Nacional que diagnostique, preveña e combata estas situacións de vulnerabilidade.